


XXVII CONCURSO CIENCIAS SOCIAIS. MARATÓN DE PREGUNTAS. III CATEGORÍA. 4º ESO e 1º e 2º Bacharelato.


Nome: _____ Curso: _____ Sección _____

1. Completa este pasapalabra.



Por A: De que pranta extráese o mezcál e o tequila?	
Por B: Outro nome que recibe o arcobotante (arbotante), arco moi presente nas catedrais góticas.	
Por C: De que material levarías de volta a casa un souvenir da cidade de Alguer en Cerdeña?	
Por D: Municipio da bisbarra do Deza.	
Por E: País limítrofe que se sitúa ao norte de Letonia.	
Por F: Artista de Reus que foi enviado aos escenarios onde triunfou Prim, outro natural de Reus.	
Por G: Cidade de nacemento de Carlos I de España.	
Por H: Operación dos aliados na II guerra mundial para a invasión de Sicilia en 1943.	
Por I: Segundo país do mundo por poboación.	
Por J: Península entre o mar Báltico e o Mar do Norte maiormente danesa.	
Por K: Batalla máis grande da historia con tanques en 1943.	
Por L: Festa pagana que precedeu á cristiá da purificación da Virxe ou candelaria.	
Por M: Termo que empregan os polinesios para referirse ao océano ou mar.	
Por N: Significado de <i>mjorkinl</i> en feroés (lingua das Illas Feroe).	
Por O: Tecidos de cores que levan as mulleres mucubal feitos con armazón de vimbio.	
Por P: Superficie de erosión lixeiramente ondulada nas zonas máis antigas dos continentes.	
Por R: Estilo artístico ao que pertencen as igrexas do Val de Boí, patrimonio mundial da humanidade.	
Por S: Localidade chea de viúvas bosníacas pola matanza de radicais serbios en 1995.	
Por T: Parroquia de Vigo onde se atopa o Colexio Apóstol Santiago.	
Por U: A que país irías nunha visita a cabo Polonio?	
Por V: Conde que picaba ben...pero picaba moi alto.	
Por W: Cidade alemana famosa por un tren colgante sobre o río Wupper.	
Por X: Emperador bizantino promotor no século VI da famosa igrexa de Santa Sofía.	
Por Y: País ao que pertence a illa de Socotora, situada no Océano Indico.	
Por Z: Filósofo discípulo de Parménides coñecido polas súas paradoxas.	

2. Localiza a primeira imaxe, correspondente a unha catedral dunha cidade italiana. Na segunda imaxe sitúa esa preciosa escultura nunha igrexa románica galega cercana ao Camiño de Santiago.



3. Contesta a estas cuestións.

1. Que sindicato impulsado pola Falanxe e as JONS pretendía contrarestar á CNT e a UXT?	
2. Parroquia galega situada entre Matamá e Sárdoma.	
3. Canto custaba a suscripción anual en España a O Noso Lar, a revista colexial do Apóstol Santiago no ano 1925?	
4. Quen pintou a parede principal ou ábside da Capela Sixtina <i>O Xuízo Final</i> ?	
5. Que militar francés cualificou a actuación dos republicanos españois na Lexión Estranxeira como <i>o recital español de Bir Hakeim</i> no seu enfrontamento contra Rommel?	
6...por certo, como se chamaba o conductor español que morreu alcanzado no coche mentres transportaba en retirada a ese militar da pregunta anterior a noite do 10 de xuño de 1942?	
7. Que importante guerra rematou hai 100 anos?	
8. Cal é a árbore máis perigosa para o ser humano pola súa toxicidade según o record Guinness?	
9. Proceso de asimilación cultural polo que os territorios conquistados por Roma adoptan institucións, lingua, costumes, etc. dos romanos.	
10. Con quen se bateu en duelo Blasco Ibáñez en xullo de 1903 saíndo ambos ilesos?	
11. Representación de Cristo en Maxestade flanqueado pola Virxe e San Juan.	
12. Con que nome bautizaron dous xeólogos australianos en 1964 a fragancia da terra logo de mollarse nun día de verán?	
13. Modelo e cor do coche dende onde atentaron fallidamente contra dous gardas civís en Urbietta, segundo informaba <i>El Norte de Castilla</i> na portada do venres 28 de decembro de 1979.	
14. Distancia angular entre un punto calquera da superficie da Terra e o Ecuador.	
15. Ponte máis longa de Europa con máis de 17 kilómetros de lonxitude.	
16. Que dictador sanguinario ordenou unha matanza, principalmente de haitianos (uns 15.000) coñecida como <i>La Masacre del Perejil</i> ?	
17. Unico país do mundo que ten na súa bandeira un fusil AK-47.	
18. Cal destes pobos nativos sitúas nun territorio máis septentrional: kiowa, arapahoes, sioux ou semínola?	
19. Que xogador da NBA axudou a financiar a rehabilitación dunha cancha de basket no barrio de La Perla na cidade de San Juan?	
20. Cal destes elementos arquitectónicos NON aparece na pintura titulada <i>Capricho arquitectónico con un palacio</i> de Belloto: semicolumna, bóveda de crucería, balaustrada, frontón ou entaboamento?	
21. Cal destes feitos sucedeu antes na historia: coroación de Carlomagno, batalla de Lepanto, toma de Constantinopla polos turcos, batalla de Verdún ou o Cisma de Oriente?	
22. Quen era o mestre do punto e coma para o escritor Truman Capote?	
23. Quen morreu antes: Becquer ou Prim?	
24. De que cidade italiana dixo Blasco Ibáñez que era unha cidade <i>oblícuca</i> ?	
25. Quen era a irmá do escritor (autor de <i>Sin Novedad en el Frente</i>) executada en Berlín por criticar a Hitler?	
26. A canto ascenderon, logo da súa decapitación, as costas do xuízo da muller da pregunta anterior que se facturaron á súa irmá?	
27. Que médico diseccionou o seu cadáver (a da protagonista das preguntas anteriores) para o seu estudo sobre o medo e as súas manifestacións fisiolóxicas na muller?	
28. Vento frío e seco que ás veces azouta a illa de Brac.	
29. ...por certo que nome recibe o asteroide de 10 kilómetros de diámetro que orbita o sol cada catro anos e catro meses e que está vencellado coa illa de Brac?	
30. Cantos corredores participaron na carreira de ciclistas nas festas de Tortosa según conta na súa portada o periódico <i>El Radical</i> do martes 31 de outubro do 1911?	

4. Emparella estas columnas co número correspondente:

1	Ricardo Mella		Descubriu a <i>tornaviaxe</i> (de Filipinas a Acapulco)
2	Alonso de Arellano		Asasinado en 1977 por defender Autonomía andaluza
3	Dian Fossey		Falanxista a quen un miliciano perdoou a vida
4	Marguerite Durand		Primer diario feminista do mundo
5	Manuel José García Caparrós		Líder do movemento de 1888 (<i>O ano dos tiros</i>)
6	Rodrigo Duterte		Heroe da guerra de Cuba que ten estatua en Madrid
7	Eloy Gonzalo		Artista valenciano que puxo a Mickey e a Minnie nunha moto
8	Maximiliano Tornet		Morreu medio antes que Pablo Iglesias
9	Rafael Sánchez Mazas		Presidente filipino polémico
10	Manolo Valdés		Defensora dos gorilas dos montes Virunga